

## Normativa para doazóns

O Museo do Pobo Galego (MPG) ten gran interese en fomentar o enriquecemento das súas coleccións (obxectos antropolóxicos, artísticos ou históricos; documentos gráficos ou textuais e bibliográficas) a través de doazóns, procedentes tanto de persoas e entidades pertencentes ao MPG como externas ao mesmo, sempre e cando ditas doazóns se axusten aos principios contemplados na súa política de xestión das coleccións.

Por doazón enténdese, a efectos da presente normativa, o procedemento de ingreso dun documento ou conxunto de documentos cuxo propietario cede ao MPG a propiedade dos mesmos.

### Condições:

- As doazóns serán aceptadas co acordo de que o material doado pase a ser propiedade legal do Museo, reservándose o dereito a determinar a súa retención, ubicación e tratamento técnico.
- Os fondos integraranse dentro da colección e estarán dispoñibles para o seu uso e préstamo como calquera outro material, salvo condicións excepcionais establecidas ao respecto (especial valor, estado de conservación, etc.)
- Non se aceptará a modalidade de “depósito”

### Queda excluído das doazóns:

- Material que polo seu estado de conservación poda contaminar ao resto
- Material non relacionado coa temática do Museo
- Obras que non se axusten á política de adquisicións
- Capítulos de libros ou artigos de revistas (separatas) dos que os orixinais completos xa estean no MPG.
- Fotocopias soltas ou exemplares fotocopiados (dada a ilegalidade da reprodución de fondos bibliográficos xunto á curta vida e acidez das tintas non recomendan gardar estes materiais)
- Números soltos de revistas agás que completen coleccións xa existentes
- Material informático obsoleto ou en soportes non lexibles na actualidade
- Coleccións de publicacións periódicas populares (as coñecidas como de “quiosco”)

### Procedemento:

- A persoa doante ou representante deberá, antes de realizala, poñerse en contacto co Museo, a través do Departamento de Biblioteca e Arquivo, en persoa, por correo postal, electrónico ou teléfono.....
- Presentará unha lista ou descrición (temática, cronoloxía..) do material a doar.
- A Dirección e o equipo técnico farán a valoración, de precisar máis información requirirase a colaboración dun membro do Padroado experto na materia ou dun colaborador externo.
- Unha vez recadada a información sobre a doazón, a Biblioteca comunicará a súa aceptación ou non, así como as condicións de traslado e os trámites de cesión.
- No caso de rexeitamento da doazón comunicarse, por escrito e no tempo máis breve posible, agradecéndolle o seu ofrecemento.
- No caso de doazóns que polo seu volume ou motivo xustificadas non se poda facer unha selección previa, a Biblioteca recibirá a totalidade ou parte do material. Unha vez revisados estes fondos, os non aceptados serán devoltos, doados a outras institucións ou a particulares (persoal investigador ou colaborador) ou simplemente entregándoos como material de reciclaxe a unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro.

Contacto Biblioteca:

Rosa Méndez García

Tfno. 981-58-36-20

biblioteca@museodopobo.gal